

Xoves 7 de outubro de 11:30 ás 12:30

## Obradoiro de Portabebés Tradicionais (gratuito)

Impartido por: Lucía Castro Sánchez  
Asesora en porteo de "Pinga Doce" (Grupo de apoio ao Aleitamento Materno de Tui) e integrante de "Red Canguro" (Asociación Española polo Fomento do uso de Portabebés)



No obradoiro presentaremos os modelos de portabebés máis habituais (bandoleira, mei-tai, mochila ergonómica, fular, pouch...)

Falaremos das vantaxes de levar ao teu bebé neles, das posicións correctas e das diferentes opcións segundo as necesidades particulares, solucionando as vosas dúbidas.

Tamén teremos unha parte práctica onde poderedes probar os diferentes modelos.

### Inscripción e información:

Oficina de Igualdade do Concello de Tomiño.  
Telf. 986 608 070 (en horario de mañá)

## Exposicións

**"Reflexións en torno á crianza"**

Coa colaboración das nais de Tomiño

**Presentación de produtos naturais de crianza**  
por "A Rainha Verde", Tenda Infantil Ecolóxica

**Cara a unha asistencia humanizada  
do nacemento e o aleitamento**



semana mundial do  
**aleitamento  
materno**

Organiza:



**OFICINA DE IGUALDADE  
Concello de Tomiño**

Colabora:



**Tomiño**  
6 e 7 de outubro  
**AUDITORIO DE GOIÁN**

## Mesa Redonda

### “A humanización do nacemento e da crianza

Moderadora: Ana Isabel Forneiro, *Matrona do Centro de Saúde de Tomiño*

- **Dificultades do aleitamento (Instauración da lactación materna)**  
Ana Cal Conde  
*Nai de dúas fillas, Matrona e Asesora en Aleitamento. Presidenta de Pinga Doce (Grupo de Apoio ao Aleitamento Materno de Tui)*
- **A influencia da vivencia do parto na crianza**  
Dolores Estévez  
*Matrona e nai*
- **Doulas acompañando na maternidade**  
Beatriz Fernández  
*Nai, Doula, Técnica en Educación e Asesora de Porteo*
- **A importancia do apoio dos grupos de aleitamento: a miña experiencia**  
Teresa Vidal Martín  
*Nai e traballadora*
- **O papel do pai no bebé amamantado**  
Horacio Antonio Villar Suárez  
*Pai colaborador en Grupos de Apoio ao Aleitamento Materno. Socio fundador de Pleiades (Asociación para unha Educación en Liberdade)*
- **Criar sen castigar**  
Nuria Otero Tomero  
*Nai, Pedagoga, Psicopedagoga e Doula*

No descanso haberá unha actuación de Nanas a cargo da Asociación de Mulleres Paso a Paso.

Para finalizar farase un Coloquio coa intervención do público asistente.

## Obradoiro Infantil de Xogos Cooperativos

Impartido por Belén Piñeiro Álvarez

*Educadora Social integrante da Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz*

## “Cumpramos os 10 Pasos! Hospitais amigos e máis”

A Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e ao Aleitamento (IHAN) foi lanzada pola OMS e UNICEF para animar aos hospitais, servizos de saúde e, en particular, ás salas de maternidade a adoptar as prácticas que protexan, promovan e apoiem o aleitamento materno exclusivo dende o nacemento.

Os Dez Pasos cara a un feliz aleitamento natural, foron aceptados como os criterios globais mínimos para lograr converterse nun **centro IHAM**. Trátase dun sistema de avaliación da calidade asistencial que reciben as nais lactantes en hospitais e maternidades de todo o mundo.

### Obxectivos

Permitir ás nais unha elección informada de como alimentar ás súas criaturas recentemente nadas.

Promover a lactación materna exclusiva os primeiros seis meses.

Engadir outros aspectos de atención á nai e á criatura en posteriores estadíos.

## Dez Pasos cara a unha Lactancia Materna Exitosa

1. Dispoñer unha política por escrito relativa á lactación natural coñecida por todo o persoal do centro.
2. Capacitar a todo o persoal para levar a cabo esa política.
3. Informar ás embarazadas dos beneficios da lactación materna e como realizala.
4. Axudar ás nais a iniciar a lactación na media hora seguinte ao parto.
5. Mostrar á nai como se debe dar de mamar e como manter a lactación mesmo se ten que separarse da criatura.
6. Non dar á criatura recentemente nada máis que o leite materno.
7. Facilitar a cohabitación da nai e a criatura 24 horas ao día.
8. Fomentar a lactación á demanda.
9. Non dar ás criaturas alimentadas a peito chupetes.
10. Fomentar o establecemento de grupos de apoio ao aleitamento materno e procurar que as nais se poñan en contacto con eles.